

# PLAN DIGITAL

## CEIP A Guía



Versión 2.0\_Xuño\_ 2023

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1- Datos básicos do centro
- 1.2- Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3- Breve xustificación do mesmo
- 1.4- Proceso de elaboración

## 1. Situación de partida

- 2.1- Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2- Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3- Análise DAFO

## 2. Plan de Acción

- 3.1- Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2- Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 3. Avaliación do PD

- 4.1- Seguimento do Plan de Acción
- 4.2- Propostas de mellora (revisión)

## 4. Difusión do PD

### 1. **Introdución.**

## 1.1 Datos básicos do centro.

O noso centro está situado en Meira, no concello de Moaña, na rúa Isamil 222 A (C.P. 36955).

O cadro de persoal actual do centro é estable, xa que a maioría do profesorado ten destino definitivo. Está composto por trece mestres/as, sete titores/as e seis especialistas. Dos seis especialistas, dous son compartidos con outros centros da zona (o profesorado de audición e linguaxe e o de relixión). Contamos a maiores coa xefatura do departamento de orientación compartida co centro de Domaio.

Actualmente contamos con 85 nenos/as.

A nosa presenza en internet:

- **Páxina web:** [edu.xunta.gal/centros/ceipaguia/](http://edu.xunta.gal/centros/ceipaguia/).
- **Aula virtual:** [edu.xunta.gal/centros/ceipaguia/aulavirtual/](http://edu.xunta.gal/centros/ceipaguia/aulavirtual/)
- **Blogger:** [coledaguia.blogspot.com.es](http://coledaguia.blogspot.com.es),
- **Ivoox (radio):** [ivoox.com/en/golfiradio\\_sb.html?sb=golfiradio](http://ivoox.com/en/golfiradio_sb.html?sb=golfiradio)
- **Facebook:** [facebook.com/ceipaguia/](https://facebook.com/ceipaguia/)
- **Instagram:** [www.instagram.com/ceipaguia/](https://www.instagram.com/ceipaguia/)
- **Caranvexo Tv (intercoles):** [caranvexo.gal/index.php/centros-tv](http://caranvexo.gal/index.php/centros-tv)
- **A nosa conta de correo electrónico** é o [ceip.aguia@edu.xunta.es](mailto:ceip.aguia@edu.xunta.es).

## 1.2 Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

A economía de Moaña baséase fundamentalmente no sector pesqueiro e nas actividades asociadas a el e no sector servizos.

No sector servizos, que abarca o 37.40% da poboación, traballan maioritariamente os pais e as nais do alumnado. O sector industrial abarca o 25.20% da poboación e está fortemente relacionado coa transformación da pesca e a construción naval.

Moaña atópase na area metropolitana de Vigo e moitas das persoas empregadas nestes sectores traballan nesta cidade.

Hai tamén un importante sector primario, 25.1%, baseado fundamentalmente na pesca nas súas tres vertentes: altura, baixura e marisqueo.

O sector da construción, 12.30% da poboación, logo duns anos de forte actividade, asiste a un proceso de estancamento, por mor da crise económica. A pesar do anteriormente dito, Moaña é un pobo que segue medrando en número de habitantes e segue habendo unha certa actividade neste sector.

Na actualidade estamos asistindo a un forte incremento do paro, como consecuencia da crise económica. Este incremento está a afectar fundamentalmente ao sector da construción e a industria naval. Tamén se está a ver moi afectada a mocidade demandante do primeiro emprego.

É importante mencionar os caso de familias desestruturadas, que están incidindo cada vez máis na vida escolar. É un fenómeno que afecta a unha boa porcentaxe do alumnado, e que, nos últimos anos, foise acelerando.

**Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro.**

A finalidade do noso centro educativo é que o alumnado aprende e se forme coma individuo da sociedade na que vive. En consecuencia, a propia organización vai mellorando a través da súa práctica e da reflexión sobre ela, así, coma das relación que establece co seu entorno.

O plan dixital debe encaixar no contexto institucional mais amplo que ven recollido noutros documentos coma o Proxecto Educativo de Centro. Ambos documentos deben estar en total consonancia e ser complementarios.

## **CONTRATO PROGRAMA**

Contrato programa Inclúe a participación do centro na resolución de

**Contratos- Programa Inclúe** ten por obxecto desenvolver no centro programas que favorezan a inclusión educativa, a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a inclusión e a mellora do clima escolar ao longo do presente curso escolar.

O noso centro participará nas seguintes actuacións: **IGUALA-T, CONVIVE-T, INCLÚE-T.**

### **Contrato programa Innova**

Ten por obxecto desenvolver plans para a mellora do éxito escolar permanente, a través da implantación de programas que promovan a innovación das competencias clave, o afondamento en aprendizaxes no ámbito do coñecemento segundo os intereses do alumnado, o aproveitamento do talento potencial, o fomento de hábitos saudables, a educación ambiental e a mellora da xestión educativa e administrativa.

O noso centro participa na actuación: **EDUexcelencia** .

### **PROXECTO VOZ NATURA**

É un programa de educación medioambiental co obxectivo de que o noso centro evolucione cara un funcionamento medioambiental responsable, que impulse a concienciación e a adquisición de hábitos no alumnado encamiñados a construír unha sociedade futura próspera, sostible medioambiental e involucrada contra o cambio climático.. Este curso o proxecto do noso centro leva por título “ A voltas coa biodiversidade”.

### **PLAMBE**

O PLAMBE é un programa no que nos iniciamos no ano 2010 é que está a impulsar a transformación da nosa biblioteca escolar como centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe “centro creativo de aprendizaxes”.

### **GOLFIRADIO**

Programa radiofónico semanal que se foi enchendo de entrevistas, música, lecturas, contos, recitados, entrevistas, etc., no que participou todo o alumnado do centro. Elaborouse un calendario coas quendas semanais que se entregou ao profesorado no mes de setembro.

### **Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 23/24.**

O PD está deseñado para integrarse e implantarse na PXA do curso 23/24 principalmente en tres ámbitos concretos:

- Comunicación familias-escola.
- Difusión das actividades do centro na internet.
- Introducción da dixitalización na metodoloxía.

### **1.3 Breve xustificación do mesmo**

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da *LO 2/2006, de 3 de maio*, de Educación.
- Disposición adicional quinta da *Resolución do 17 de xuño de 2021*, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- *Resolución do 3 de setembro de 2021*, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.
- Artigo 34.1 do DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

*“Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional a súa estratexia dixital a través dun plan dixital de centro, que se concibe como un instrumento para mellorar o desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa, o uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino e aprendizaxe e a transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes, e que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións”*

#### 1.4 Proceso de elaboración.

O Plan Dixital foi elaborado seguindo as pautas dos asesores e a formación achegada. Tales pautas foron:

- Elaboración do SELFIE
- Elaboración do informe DAFO
- Concreción dos Obxectivos
- Elaboración do Plan de Dixital

O coordinador do Equipo de Dinamización do Plan Dixital no centro foi Manuel Martínez, quen en coordinación coa directora Susana Villaverde elaboraron as directrices para encamiñar o devandito PD. Tivéronse en conta as necesidades e características propias do centro e a comunidade educativa que en global, os niveis de planificación do plan de traballo, os axentes implicados e os recursos precisados.

Este Plan Dixital de Centro permitirá a comunidade educativa:

- Visualizar onde quere que chegue o Centro.
- Entender onde está actualmente.
- Trazar o camiño que leve dun estado a outro.

## 2. Situación de partida

### 2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- No o centro contamos con conectividade en todas as aulas, non soamente nas titorías senón tamén nas aulas de inglés, música, biblioteca e por suposto informática. Contamos con wifi en todas as dependencias do centro, a excepción da zona de secretaría e dirección onde a conexión soamente é por cable.
- Equipamento dispoñible:
  - Todas as nosas aulas están dixitalizadas, contando con proxector, lousa dixital e portátiles para os mestres que necesitan ser mellorados (oito de cada).
  - Contamos co proxecto E-Dixgal en quinto e sexto de primaria (dúas lousas dixitais con canón incorporado, un deles non nas condicións máis óptimas). Ordenadores portátiles para cada un/unha dos/as nenos/as das dúas aulas.
  - Tres equipos de mesa destinados a xestión e administración.
  - Dous equipos de mesa destinados ao uso exclusivo do profesorado na sala de Mestres/as.
  - Un ordenador na biblioteca para uso exclusivo de préstamos de libros co programa Meiga.
  - Trece ordenadores e un canón na sala de informática (material que o centro vai renovando como pode cos recursos dos que dispón).
  - 5 Portátiles E-Dixgal para uso do profesorado.
  - Un ordenador de mesa en cada unha das oito titorías, no caso de primeiro disposición do alumnado.
    - Lousa dixital, ordenador portátil e canón na aula de música.
    - Lousa dixital, ordenador de mesa e canón na aula de inglés.
  - Tres ordenadores de mesa para o equipo do departamento de orientación (orientadora, mestra de pedagogía terapéutica e mestra de audición e linguaxe).
  - Un ipad e dúas tablets para o traballo audiovisual.
  - Un ordenador portátil para usos varios, dependendo das necesidades.
  - Seis ordenadores portátiles para uso do alumnado cedidos pola asociación sen ánimo de lucro Informática Solidaria.



- Estudio de radio equipado con ordenador, altofalantes, cinco micrófonos, cinco auriculares e unha mesa de mesturas.
- No noso centro contamos co proxecto E-Dixgal en quinto e sexto de educación primaria e con aula virtual nos cursos de cuarto de educación infantil a cuarto de educación primaria.

Dispoñemos tanto de páxina web do centro como de blog.

Entre as canles de comunicación empregadas coas familias está o Abalarmóbil.

- No centro recorremos a UAC o abalar para comunicar certas incidencias que poden ocorrer no noso día a día. Ás veces conseguimos solucionar pero moitísimas veces temos que recorrer a persoal informático alleo ao centro tendo que pagar dito servizo. Tamén é verdade que neste momento contamos cun mestre compañeiro que nos resolve moitos problemas a diario no ámbito dixital, pero non sempre isto será posible.

- Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC:
- Plan de continxencia.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipaguia/?q=system/files/PLAN%20CONTINXENCIA%20%282%29.pdf>

- Plan das tics.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipaguia/?q=system/files/tic.pdf>

## 2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO.

O DAFO elaborouse tendo en conta os datos obtidos despois da realización do SELFIE e o Text CDD.

No SELFIE enquisáronse ao completo do claustro e o alumnado de quinto e sexto curso (20% do total do alumnado matriculado):

Esta é a media das respostas das oito áreas do SELFIE por cada grupo

Areas	Grupo	Puntuación media
-------	-------	------------------

<b>A -Liderado</b>	Equipo Direct.	2,2
	Profesorado	3,4
	Alumnado	
<b>B- Colaboración e redes</b>	Equipo Direct.	1,8
	Profesorado	3,
	Alumnado	3,1
<b>C- Infraestruturas e Equipos</b>	Equipo Direct.	3,1
	Profesorado	3,5
	Alumnado	4,3
<b>D- Desenvolvemento profesional continuo</b>	Equipo Direct.	3,8
	Profesorado	3,4
	Alumnado	
<b>E- Pedagogía: Apoio e Recursos</b>	Equipo Direct.	3,3
	Profesorado	3,5
	Alumnado	
<b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>	Equipo Direct.	2,7
	Profesorado	3,2
	Alumnado	3,8
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Equipo Direct.	2,2
	Profesorado	2,3
	Alumnado	
<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	Equipo Direct.	3,1
	Profesorado	3,2
	Alumnado	3,5

**Test CDD:** Este informe ofrece os resultados agrupados da autorreflexión do profesorado que participou. Os datos obtidos máis relevantes son os seguintes:

- A **puntuación media** no Test CDD do centro foi de 70,1 sobre 192, polo tanto obtivo un nivel Integrador/a (**B1**)
- **Puntuación e nivel de competencia por etapas:**

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	75,3	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
Pri.	58,5	Explorador/a (A2)	77	Integrador/a (B1)

### - Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Principiante (A1)	1	7,7%
Explorador/a (A2)	7	53,8%
Integrador/a (B1)	2	15,4%
Experto/a (B2)	2	15,4%
Pioneiro/a (C2)	1	7,7%
<b>TOTAL</b>	<b>13</b>	<b>100%</b>

É importante destacar que no momento de realizar o texto, dos 13 mestres que realizaron a enquisa 8 son definitivos no centro e 5 provisionais.

### Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	11	11	100%
PROVISIONAL	0	0	
INTERINO	0	0	
SUBSTITUTO	2	2	100%
DESPRAZADO	0	0	

### Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
70,1	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

### Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	75,3	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
Pri.	58,5	Explorador/a (A2)	77	Integrador/a (B1)

### Distribución do profesorado por niveis.

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	7.7%
A2	7	53.8%
B1	2	15.4%
B2	2	15.4%
C2	1	7.7%
TOTAL	13	

### 2.3 Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Boa infraestrutura no centro. Bo número de equipos informáticos no centro.	Pouca variedade de dispositivos. Rápida obsolescencia dos dispositivos (enseguida

	Bo acceso a internet no centro e nas aulas.	quedan anticuados). Necesidade de estar sempre ao día en coñecementos e ferramentas.
<b>PERSOAL DOCENTE</b>	Experiencia e coñecemento para adaptarse ás necesidades educativas. Motivación cara o emprego de ferramentas dixitais. Boa dispoñibilidade para a formación.	Medo e inseguridade ante ferramentas descoñecidas. Pouca delegación da actividade educativa sobre o alumnado. Débense aproveitar as posibilidades das ferramentas dixitais para o traballo colaborativo. Faltan coñecementos de ferramentas dixitais para a avaliación. É necesario fomentar as actividades de retroalimentación.
<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>		
<b>ALUMNADO</b>	Grande interese e motivación polo mundo dixital. Gran facilidade de dominio e adquisición de habilidades.	Pouca creación de contidos dixitais. Limitación de coñecemento nas posibilidades do mundo dixital. Débese aproveitar as posibilidades das ferramentas dixitais para o traballo colaborativo.

			<p>Descoñecemento das boas prácticas na comunicación en internet.</p> <p>Débase mellorar a verificación da información atopada.</p> <p>Insuficiente autorreflexión sobre a aprendizaxe.</p>
	<b>FAMILIAS</b>	<p>Empréganse métodos dixitais para dar a coñecer os resultados académicos. Coñecen a web e blogs do centro.</p>	<p>Débase fomentar o emprego das webs e blogs do cole. Pouca tutela no emprego de internet e redes dos seus fillos/as.</p>
	<b>OFERTA</b>		
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	<p>Gran interese por cubrir ás necesidades do centro.</p> <p>Fomento no profesorado para a implantación de ferramentas dixitais.</p>	<p>Falta a dotación de discos duros para uso do profesorado.</p>

<b>EXTERNOS</b>		<b>OPORTUNIDADES</b>	<b>AMEAZAS</b>
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	Máis formación nos recursos que ofrece (edixgal / abalar / linux).	Insuficientes sistemas de protección de datos.
	<b>LEXISLACIÓN</b>	Creación de lexislación que	Excesiva burocratización.

		permita o emprego do fondo cultural baixo licencia educativa.	
	<b>CONTORNA</b>	Colaboración e aporte de dispositivos.	
	<b>ANPA</b>	Participar activamente no día a día das aulas.	Pouca aporte e participación na vida educativa.
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>		

### 3. Plan de Acción

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Os obxectivos que nos marcamos son obxectivos específicos e concretos, medibles, alcanzables, realistas e definidos no tempo.

Os obxectivos que aquí se expoñen son os formulados dende a comisión TIC que formouse no grupo de traballo que impulsou este plan dixital.

Área/s de mellora: <b>Colaboración e redes</b>							
<b>OBXECTIVO 1:</b>	AUMENTAR A COMUNICACIÓN DIXITAL COAS FAMILIAS.				Acadado		
<b>Responsable:</b>	EQUIPO DIRECTIVO				Non acadado		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	USO DA FERRAMENTA ABALAR.						
<b>Valor de partida:</b>	0 20% do profesorado e o 40% das familias empregan a ferramenta ABALAR.						
<b>Valor previsto e data:</b>	80% nos dous ámbitos.			30 DE XUÑO DE 2024.			
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
A01.1: Reunións co profesorado para o uso da ferramenta ABALAR.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Profesorado.</li> <li>- Coordinador/A TIC.</li> </ul>	30 de xuño de 2024	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Material informático.</li> </ul>			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
A01.2: Fomentar o uso da ferramenta para a xustificación da ausencia do alumnado e a solicitude de titorías.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Profesorado.</li> </ul>	30 de xuño de 2024	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Material informático.</li> </ul>			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
A01.3: Potenciar o uso de Abalar mediante o envío de notificación periódicas,	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Profesorado.</li> </ul>	30 xuño de 2024	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Material funxible.</li> </ul>			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	



<p>A01.4: Enquisa ao profesorado e ás familias sobre o uso da ferramenta Abalar.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Equipo directivo.</li> <li>- Coordinado r/a TIC</li> </ul>	<p>30 xuño de 2024</p>			
--	---	------------------------	--	--	--

**Área/s de mellora: Colaboración e redes**

<p><b>OBXECTIVO 2:</b></p>	<p>POTENCIAR O USO DAS REDES SOCIAIS.</p>	<p>Acadado</p>
<p><b>Responsable:</b></p>	<p>EQUIPO DIRECTIVO e coordinador/a TIC</p>	<p>Non acadado</p>
<p><b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b></p>	<p>Emprego das diferentes redes sociais no que está inmerso o centro.</p>	
<p><b>Valor de partida:</b></p>	<p>0 10% do profesorado e o 40% das familias fan uso das redes sociais.</p>	
<p><b>Valor previsto e data:</b></p>	<p>80% nos dous ámbitos.</p>	<p>30 DE XUÑO DE 2024.</p>

**ACCIÓNS A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
<p>A02.1: difundir entre o alumnado os recursos colgados nas diferentes redes sociais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Profesorado.</li> <li>- Coordinador/A TIC.</li> </ul>	<p>30 de xuño de 2024</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Material informático.</li> </ul>		<p>Realizada</p>
<p>A02.2: participación do profesorado na creación de material para difundilo nas diferentes redes sociais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Profesorado.</li> </ul>	<p>30 de xuño de 2024</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Material informático.</li> </ul>		<p>Realizada</p>

A02.3: participación do alumnado na creación de material e elaboración de montaxes para colgalo nas diferentes redes sociais.	- Profesorado.	30 xuño de 2024	- Material informático.	Realizada
				Aprazada
				Pendente

**Área/s de mellora: Pedagogía: apoios e recursos.**

<b>OBXECTIVO 3:</b>	CREACIÓN E USO DE RECURSOS DIXITAIS POR PARTE DO PROFESORADO E O ALUMNADO.	Acadado
<b>Responsable:</b>	Xefe/a de estudos, Profesorado	Non acadado
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Emprego de recursos e ferramentas dixitais de forma sistemática (80% na escrita e 20% dixital).	
<b>Valor de partida:</b>	Emprego e creación de ferramentas e recursos dixitais 5%.	
<b>Valor previsto e data:</b>	Emprego e creación de ferramentas e recursos dixitais 20% tanto por parte do alumnado coma do profesorado.	30 DE XUÑO DE 2024.

**ACCIÓNS A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
A03.1: formación do profesorado a través do PFPP de creación de recursos dixitais.	- Coordinado r/a do PFPP:	31 de marzo de 2024	- Humanos, en colaboración co CFR (relatores...) - Materiais (equipos informáticos, software, funxible...).		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A03.2: Creación de recursos dixitais tanto por parte do profesorado coma do alumnado.	- Profesorado.	30 xuño de 2024	- Materiais (equipos informáticos, software, funxible...) - Recursos online. - Ferramentas dixitais		Realizada
					Aprazada

			para a creación.		Pendente	
A03.3: emprego de ferramentas dixitais de forma sistemática.	- Xefa/e de estudos.	30 de Xuño de 2024	- Materiais (equipos informáticos, software, funxible).		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas.

Existe unha imperante necesidade de actualizar os medios informáticos do centro, dotándoo de ordenadores tanto de mesa coma portátiles actuais para poder desenvolver a nosa actividade AMI con garantías. Tamén nos gustaría contar con ipads, tablets, paneis dixitais nas aulas e unha impresora 3D.

- Necesitariamos oito portátiles para as diferentes titorías porque están totalmente obsoletos e funcionan mal.
- Unha PDI para aula de informática por non funcionar ben xa que a función táctil non vai.
- Dous ipads e dúas tablets para levar a cabo a nosa labor audiovisual.
- Doce ordenadores para a sala de informática xa que son ordenadores que non funcionan ben e obsoletos.

Durante o curso 22-23, cubríronse as seguintes necesidades de equipamentos enviados pola Consellería de Educación (AMTEGA)

- Doce ordenadores portátiles para a biblioteca, que supliron os antigos.
- Seis PDI para as aulas de infantil e de primaria (1º, 2º, 3º 4º)., quedando estas dotadas de recursos tecnolóxicos modernos.

Queda pendente para este curso 23-24 recibir PDIs para as aulas e-dixgal (5º e 6º de Primaria) e novos ordenadores para os membros do equipo directivo.

## 4. Avaliación do plan.

### 4.1 Seguimento do Plan de Acción

Para poder avaliar o plan será necesario medir o grado de consecución dos obxectivos que nos marcamos. Tamén será necesario probar a efectividade das actuacións levadas a cabo.

Para levar a cabo dita avaliación, teremos en conta os seguintes instrumentos e ferramentas:

- Os indicadores de avaliación asociados a cada un dos obxectivos e accións.
- A ferramenta da avaliación SELFIE a través da cal poderemos facer unha análise da competencia dixital do centro.
- Avaliación da competencia dixital docente e do alumnado.

O plan avaliarase en función dos resultados obtidos no marco dos obxectivos e prazos previstos. O informe de progreso formará parte da memoria anual de centro.

#### **4.2 - Propostas de mellora (revisión).**

Unha vez avaliado poderase propoñer medidas de mellora.

#### **5. Difusión do plan**

O plan dixital unha vez aprobado polo consello escolar, publicarase comunicándollo ás familias mediante a aplicación abalar e logo facendo público dito documento na páxina web do centro.